

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E OS CONCELLOS GALEGOS DO CAMIÑO FRANCÉS PARA ACTUACIÓNS DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DO CAMIÑO FRANCÉS, E DE ATENCIÓN E INFORMACIÓN AO PEREGRINO.

En Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, **Dona María Nava Castro Domínguez**, directora de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento polo Decreto 34/2013 do 21 de febreiro e conforme as facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial.

Doutra parte, _____, en nome e representación como Alcalde Presidente do Concello de Arzúa, con CIF P 1500600 J.

Doutra parte, _____, en nome e representación como Alcalde Presidente do Concello de Melide, con CIF P 1504700 D.

Doutra parte, _____, en nome e representación como Alcalde Presidente do Concello de Monterroso, con CIF P 2703200 B.

Doutra parte, _____, en nome e representación como Alcalde Presidente do Concello de Palas de Rei, con CIF P 2704000 E.

Doutra parte, _____, en nome e representación como Alcalde Presidente do Concello de Paradela, con CIF P 2704200 A.

Doutra parte, _____, en nome e representación como Alcalde Presidente do Concello de Pedrafita do Cebreiro, con CIF P 2704500 D.

Doutra parte, _____, en nome e representación, como Alcalde
Presidente, do Concello do Pino, con CIF P 1506700 B.

Doutra parte, _____, en nome e representación como Alcalde
Presidente do Concello de Portomarín, con CIF P 2704900 F.

Doutra parte, _____, en nome e representación como Alcalde
Presidente do Concello de Samos, con CIF P2705500 C.

Doutra parte, _____, en nome e representación como Alcalde
Presidente do Concello de Sarria, con CIF P 2705700 I.

E doutra parte, _____, en nome e representación como Alcaldesa
Presidente do Concello de Triacastela, con CIF P2706200I.

As partes, no nome e representación na que concorren recoñécense mutuamente
capacidade legal suficiente para este acto, e a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. O Camiño de Santiago é a ruta de peregrinación máis importante do Vello
Continente, encontro de culturas e orixe da unidade de Europa.

O Consello de Europa, na súa declaración do 23 de Outubro de 1987, manifesta que a
dimensión do humano da sociedade, as ideas de liberdade e de xustiza e a confianza no
progreso son principios que foron conformando historicamente as distintas culturas que
integran a propia e peculiar identidade europea. Esa identidade cultural fíxose posible pola
existencia dun espazo europeo cargado de memoria colectiva e cruzado por camiños
capaces de superar as distancias, as fronteiras e as linguas. Que a fe que animou os
peregrinos no curso da historia e que os xuntou nun alento común, por riba das diferenzas e
dos intereses nacionais, nos impulse tamén nesta época, particularmente aos mozos, a

seguir percorrendo estes camiños para acadar unha sociedade fundada na tolerancia, a liberdade e a solidariedade.

Segundo.- O Camiño Francés foi declarado o Primeiro Itinerario Cultural Europeo, Ben de interese cultural, e Patrimonio da Humanidade e por tanto, non só o Camiño mais importante dos que levan a Santiago senón tamén o mais transitado e o que necesita un valor mais alto de protección así como unha atención aos peregrinos continuada sobre todo na época estival. A Axencia Turismo de Galicia está por tanto interesada tanto na súa conservación e mantemento como na atención ao peregrino e en prestarlle a información necesaria durante a citada época estival que é a que conglomera o maior número de peregrinos/as que se achegan ao Camiño de Santiago.

Terceiro.- O apartado 2 do artigo 8 da Lei 3/1996, de Protección dos Camiños de Santiago, establece que as administracións locais cooperarán cos órganos da Xunta de Galicia na conservación e protección dos tramos do Camiño que discorran polos seus respectivos territorios, adoptando as medidas oportunas que eviten a súa deterioración ou destrución.

Cuarto.- O artigo 1 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, dispón que se crea a Axencia Turismo de Galicia como axencia pública autonómica, e terá como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

O artigo 9 dos seus estatutos establece as funcións e competencias da Axencia para acadar os seus obxectivos, dispoñendo na súa alínea i) que lle corresponde “a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago”.

Quinto.- Os municipios de Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, Pedrafita do Cebreiro, O Pino, Portomarín, Samos, Sarria e Triacastela, todos das provincias de Lugo e A Coruña, son os concellos polos que transcorre a ruta do Camiño Francés.

Sexto.- Os concellos galegos do Camiño Francés e a Axencia Turismo de Galicia están interesados en colaborar para a revalorización do Camiño e a prestación dunha mellor atención aos peregrinos que pasan a noite nos mesmos a través dunha atención e información ao peregrino.

En atención a todas estas consideracións, as partes asinantes consideran de interese a sinatura deste convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto do presente convenio definir os termos de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e os concellos de Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, Pedrafita do Cebreiro, O Pino, Portomarín, Samos, Sarria e Triacastela para as seguintes liñas de actuacións:

Liña 1. Mantemento e conservación do Camiño Francés no seu paso polos citados concellos.

Liña 2. Atención e información continuada e específica de todo o Camiño Francés e do fito xacobeo aos/ás peregrinos/as.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DOS CONCELLOS

Cada concello asume polo presente convenio os seguintes compromisos:

1. No que respecta á **liña 1**, obrígase ao mantemento e conservación do Camiño Francés ao seu paso polo mesmo, e ao cumprimento das seguintes actuacións no citado tramo:

- a realización material das tarefas de limpeza e roza da maleza por medios manuais e a súa retirada.
- a adopción de todas as medidas que sexan necesarias para evitar o deterioro ou destrución do camiño, con estrito cumprimento das medidas establecidas na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia e a Lei de protección dos Camiños de Santiago e aquelas outras medidas de protección que lles sexan indicadas tanto desde a Axencia Turismo de Galicia como dende a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e solicitando, en todo caso, a autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

O persoal, do concello ou contratado por este, empregado para desenvolver estas actuacións estará especialmente cualificado para o cumprimento deste contrato, e estará continuamente localizable, e provisto do material apto para as tarefas de acordo co artigo 10 da Lei 3/1996, de Protección dos Camiños de Santiago, presentando para elo cronograma das labores e de equipos a disposición.

Estas actuacións faranse tendo en conta a importancia histórica do Camiño Francés, utilizando para as reparacións materiais acordes co estado e estrutura do Camiño, consultando previamente cos técnicos da Axencia Turismo de Galicia.

Cada concello comprométese a obter todos os permisos necesarios para a realización das actuacións obxecto deste convenio.

2. No que respecta á **liña 2**, obrígase á atención e información continuada e específica de todo o Camiño Francés e do fito xacobeo aos/ás peregrinos/as mediante:

- A contratación de persoal que ostente formación en turismo e con coñecementos do Camiño de Santiago para atender e dar información aos/ás peregrinos entre os meses de abril a setembro, ambos incluídos.

- A actualización continúa da información facilitada a través das páxinas web do concello referida ao Camiño Francés e do fito xacobeo.

- A edición de material informativo específico sobre o Camiño Francés e o fito xacobeo.

3. Nas dúas liñas cada concello deberá incluír, en toda a documentación ou soportes empregados na realización das actuacións subvencionadas, a colaboración da Xunta de Galicia - Turismo de Galicia, así coma a marca “Galicia”, regulada por Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización.

4. Así mesmo e para ámbalas dúas liñas, cada concello deberá:

- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino do investimento.

- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007.

- Acreditar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

- Presentar, antes da sinatura deste convenio, unha declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, de conformidade co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Por último, e dado que no Plan Integral de Turismo de Galicia 2013-2016 está prevista unha acción para o Desenvolvemento dun Plan Director do Camiño de Santiago que contribúa á mellora do mesmo ao longo de todas as súas rutas, adaptando medidas específicas para cada unha delas e definindo directrices que contribúan a mellora de aspectos ambientais, á xestión de fluxos, á mellora dos trazados e da sinalización e á mellora dos servizos turísticos, os concellos comprométense a colaborar coa Axencia Turismo de Galicia na elaboración do citado Plan e desenvolver as súas actuacións conforme as directrices do mesmo.

TERCEIRA.- DESCRIPCIÓN DOS TRABALLOS RELATIVOS Á LIÑA 1.

Os traballos consistirán basicamente en corte mediante rozadoiras manuais, ben con disco ou con fío de nailon, segundo os casos, corte con motoserra manual dalgúns troncos máis grosos, e utilización de medios mecánicos naquelas zonas de estradas ou pistas forestais que o permitan, limpeza manual e traslado dos restos obtidos ao vertedoiro autorizado. Dotaranse os equipos de trallado de extintores co obxecto de sufocar de forma inmediata calquera conato de lume que puidera ocasionarse ao saltar faíscas durante a roza. Os traballos comprenderán ademais o traslado de todos aqueles restos ou vertedoiros incontrolados que se produzan no Camiño ao vertedoiro autorizado.

Como prevención evitárase no posible o uso de discos de corte de aceiro, adoptándose as medidas que sexan necesarias para evitar que pequenas pedras saían despedidas e poñan en perigo o traballador e o peregrino ou usuario dos Camiños; tras a roza procederáse ao anciñado dos restos e ao seu traslado a vertedoiro autorizado.

Estes traballos serán executadas non só sobre a franxa de terreo que constitúe o Camiño en sentido estrito, senón tamén sobre as zonas laterais de protección, definidas no artigo 6 da Lei 3/1996, de Protección dos Camiños de Santiago, así como na zona denominada “de amortecemento ou de respecto” no Decreto 227/2011, de 2 de decembro, polo que se aproba a delimitación da ruta principal do Camiño de Santiago, Camiño Francés.

Inclúese neste convenio:

- 1.-Reparación de fochas en fase inicial que provoquen a progresión dunha desfeita maior, co conseguinte deterioro da superficie do vial.
- 2.-Desvíos de augas de escorrentía aos foxos e limpeza dos pasos de auga e de todo tipo de materiais que impidan a circulación polo Camiño.

CUARTA.- PERSOAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións de ningunha das liñas subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia Turismo de Galicia. Os concellos serán os únicos responsables dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

QUINTA.- COMPROMISOS DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA

A Axencia Turismo de Galicia financiará as actuacións da **liña 1** polo importe máximo de douscentos noventa e sete mil trescentos cincuenta euros (297.350 €) (1.900 € por quilómetro) con cargo á aplicación orzamentaria 04 A2 761.A 760.0 dos orzamentos da

Axencia para o ano 2016, proxecto 2015 00006, ca seguinte desagregación en atención aos quilómetros do Camiño que lle corresponde a cada concello:

CONCELLO	KM	IMPORTE SUBVENCIÓN
O Pino	18	34.200 €
Arzúa	16	30.400 €
Melide	11	20.900 €
Palas de Rei	14	26.600 €
Monterroso	5,5	10.450 €
Portomarín	16	30.400 €
Paradela	7	13.300 €
Sarria	19	36.100 €
Samos	20	38.000 €
Triacastela	14	26.600 €
Pedrafita do Cebreiro	16	30.400 €
TOTAL		297.350 €

A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións, relativa a esta **liña 1**, só cubrirá o custo de realización da actividade sen que os concellos asinantes obteñan beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.

A Axencia Turismo de Galicia financiará as actuacións relativas á **liña 2** polo importe máximo de 6.000 € por concello, supoñendo un total de sesenta e seis mil euros (66.000 €).

O financiamento desta liña 2 farase con cargo a aplicación orzamentaria 04 A2 761.A 460.0 dos orzamentos da Axencia para o ano 2016, proxecto 2015 00006.

Nestas cantidades entenderanse incluídos todos os impostos que deriven da execución do presente convenio.

Cada concello deberá remitir certificación da conta bancaria onde a Axencia Turismo de Galicia ingresará os importes xustificados.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO

1.O prazo para xustificar por parte de cada concello a aplicación dos fondos percibidos relativos á **liña 1** remata o **30 de novembro de 2016**, polo que deberá remitir antes desa data e de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o seu Regulamento, a seguinte documentación:

a) Facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente cos correspondentes xustificantes das transferencias bancarias dos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada, de conformidade co disposto no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e da súa procedencia.

c) Así mesmo, deberán achegar **memoria completa** das actuacións realizadas acompañada de reportaxe fotográfica con indicación da posición e estado previo e finalizado en formato dixital realizada polo técnico que os concellos designen como responsable da execución da actuación, preceptivo será un informe de supervisión dos técnicos que a Axencia de Turismo designe, previo ao pago da subvención.

d) Certificación emitida pola Secretaría da entidade local acreditativa do cumprimento da normativa de contratación do sector público, acompañada de copia simple do expediente de contratación realizado para levar a cabo as actuacións, sen prexuízo das comprobacións que se poidan facer sobre os orixinais.

e) No caso de realizar estas actuacións a través de persoal propio do concello, os concellos deberán presentar as nóminas dos traballadores que se empregaron nestas actuacións, así como os xustificantes do seu pagamento e dos gastos da Seguridade Social (Boletín de cotización modelo TC2; RLC recibo de liquidación de cotizacións, antigo modelo TC1, e xustificante bancario do ingreso de cotizacións á Seguridade Social) e os documentos

acreditativos do pago da retención do IRPF e unha certificación da Secretaría co visto e praxe do Alcalde no que se detalle o persoal propio destinado a estas tarefas, así como se certifique que o persoal do cal se imputan as nóminas estivo dedicado a estas tarefas durante o período cuxas nóminas se imputan.

f) Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

g) Conforme ao establecido no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, que regula especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, esta documentación incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma en razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida.

2. En relación as **liñas 2**, o prazo para xustificar por parte de cada concello a aplicación dos fondos percibidos remata o **30 de outubro de 2016**, polo que deberá remitir antes desa data e de conformidade cos artigos 8 e 9 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, que regula especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a seguinte documentación:

a) Certificación expedida pola Secretaría de cada concello, co visto e praxe do Alcalde Presidente, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención

- Os distintos conceptos e contías correspondentes ós gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do acredor, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

- b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe a a súa procedencia.
- c) Orixinais ou copias compulsadas dos contratos de traballo e dos partes de alta na Seguridade Social dos traballadores contratados para realizar as actuacións subvencionables, que deberán posuír coñecementos do Camiño de Santiago.
- d) Unha **memoria explicativa** con reportaxe fotográfica na que se concreten o persoal contratado, así como o material informativo sobre o Camiño de Santiago editado e as actualizacións realizadas nas páxinas web dos concellos.
- e) Conforme ao establecido no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, que regula especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, esta documentación incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma en razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida.

Aspectos comúns ás dúas liñas de subvención

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia minorarase proporcionalmente no caso de que os concellos non xustifiquen a execución da totalidade das actuacións obxecto do convenio.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o concello deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. A entidade subvencionada quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivesen incorrido os concellos, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado desde o 1 de xaneiro de 2016.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

SÉTIMA.- CONTRATACIÓN

Os concellos poderán concertar con terceiros a **execución total** das actuacións que constitúen o obxecto da subvención. A tramitación e contratación das obras ou equipamentos será realizada por cada concello conforme a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas, e será cada concello o responsable directa das consecuencias que dos incumprimentos puidesen derivar. En todo caso haberá que atermos ao establecido nos artigos 27 e 29.3 da Lei de subvencións de Galicia.

OITAVA.- PAGAMENTO ANTICIPADO

Conforme ao artigo 6.1.Dous do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Axencia Turismo de Galicia poderá realizar pagamento anticipado en relación coas actuacións **da liña 1** cun máximo do 50% dos importes que lle corresponden a cada concello.

No que respecta ás actuacións da **liña 2** poderá realizarse un pagamento anticipado para cada concello por importe máximo de 4.800 € (80%), segundo se establece no artigo 6.1.Un do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

Estes anticipos supoñerán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Conforme ao artigo 65.4.c do decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia **os concellos quedan exonerados da constitución de garantía.**

NOVENA.- PAGAMENTOS A CONTA

Poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os ditos pagamentos á conta poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas. A suma dos pagamentos a conta máis os anticipos previstos na cláusula anterior non será superior ao 80% das porcentaxes subvencionadas correspondente aos pagamentos xustificadas, de conformidade co disposto no citado artigo 62.

Para proceder ao seu pagamento, cada concello deberá enviar a documentación relacionada na cláusula sexta referida ao período xustificado. Os primeiros gastos xustificadas servirán de xustificante do pagamento anticipado realizado. Unha vez xustificada a totalidade do

anticipo, os seguintes gastos abonaranse mediante o sistema de pagamento a conta ata o límite do 80% referido.

Conforme ao artigo 65.4.c do decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia **os concellos quedan exonerados da constitución de garantía.**

DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento para que, de mutuo acordo, resolva o procedente e que estará integrada por un representante designado por cada concello e un representantes designados pola Axencia Turismo de Galicia. As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

DÉCIMA SEGUNDA.- NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa, sendo competente para entender dos litixios que puidesen xurdir respecto da súa interpretación e execución a xurisdición contencioso-administrativa, e queda fora do ámbito do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no apartado c) do parágrafo primeiro do artigo 4.

DÉCIMO TERCEIRA.- RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O cumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

O incumprimento das obrigas asumidas por cada concello dará lugar á inmediata resolución do presente convenio en relación ao citado concello, e á devolución por parte deste do importe **correspondente proporcional no tempo en que tivo lugar o incumprimento.**

DÉCIMA CUARTA.- PUBLICIDADE DO CONVENIO

Cada concello asinante consinte a publicidade dos datos relevantes deste convenio nos termos previstos na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, así como no relativo á aplicación da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas da Administración Pública Galega, nos seus artigos 11 e 13.

A tal efecto, a Axencia informará na súa páxina web oficial da subscripción deste convenio cos seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016.

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, ambas as dúas partes firman doce exemplares do presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

POLA AXENCIA TURISMO DE GALICIA

POLO CONCELLO DE ARZÚA

M^a Nava Castro Domínguez

POLO CONCELLO DE MELIDE

POLO CONCELLO DE MONTERROSO

POLO CONCELLO DE PALAS DE REI

POLO CONCELLO DE PARADELA

POLO CONCELLO DE PEDRAFITA DO
CEBREIRO

POLO CONCELLO DO PINO

POLO CONCELLO DE PORTOMARÍN

POLO CONELLO DE SAMOS

POLO CONCELLO DE SARRIA

POLO CONCELLO DE TRIACASTELA